

ALVARÉN



MADEIRA DE LIMIA
CURSENSE

ANO V Nº 4 AGOSTO 2012



ALCATRUZ

AGOSTO 2012
Nº 4
Ano V

Foto Portada:
antiga Calle Nueva (Maceda)

SUBVENCIONA:



EDITA:

A. C. "Aira das Mantas"

DESEÑO MAQUETA:

José Luis Rodríguez
Milagros Aldemira

MAQUETACIÓN:

José Luis Rodríguez

MONTAXE:

Yolanda Lloves Álvarez

COLABORACIÓNS:

Santiago Prol Blanco
Luis Del Campo Prol
Juan Carlos Garrido Pérez
Ambrosio Borrajo Conde
José Ramón Sarmiento
Francisco Carballo

AGRADECEMENTOS:

Francisco Nóvoa
I.E.S. Otero Pedrayo
Pedro Ávila Caramés
Ismael Del Campo
Veciños do val de Tioira

IMPRIME:

Tórculo Artes Gráficas, S.A.

SUMARIO:

Limiar	2
Vestixios dos nosos devanceiros (V)	3
As fontes de Maceda no s. XIX	6
Arde o ceo! (1938)	8
Galaxia de Andrómeda	10
Mámoas	12
Emigrantes de Maceda (1900-1920). Destinos e ocupacións	14
As construcións adxectivas: Os fornos de Tioira	16
Vestixios da arte sueva en Asadur	22
No val de Maceda: San Pedro de Maceda....	24
A pataca en Galicia	28
IIª edición dos premios "Manuel Gómez Román"	30
Francisco Carballo. "Bo e Xeneroso"	31
José Mª García Mosquera	32
Pasatempos	36



LIMIAR

Hoxe en día, cando as novas tecnoloxías son capaces de nos aportar imaxes de calquera parte do mundo en décimas de segundo..., no noso val de Maceda estamos perdendo a posibilidade de mostrarlle a moitas persoas, entre elas os nosos fillos e netos, a nosa realidade patrimonial e disto decatámonos especialmente dende esta pequena publicación cando queremos mostrar imaxes que acompañen os artigos que aquí se escriben.

Unha das apostas da Asociación Cultural Aira das Mantas é deixar constancia da memoria material e inmaterial do noso val e divulgar a realidade do grupo social que se desenvolveu e deu lugar ao que é hoxe.

É pois, no que se refire ao patrimonio material, en que moitas das veces temos que recurrir a imaxes “prestadas” doutros lugares e elementos semellantes aos nosos, así como tamén botar man de fotos antigas conservadas por algún que outro veciño. É, si señor, unha tristura que o noso patrimonio material fose, en gran parte, espoliado, derrubado, mal restaurado ou sinxelamente abandonado, pola desidia de non poucos que tendo a oportunidade de evitalo, dun xeito ou doutro, non o consideraron suficientemente importante para lle prestar a atención debida!

Mais, a pesar disto, aínda estamos a tempo de conservar unha boa parte del -que por sorte aínda pervive!-: cítense cruceiros, fornos, hórreos, muíños,... ou, pola contra, recrealos de novo. A nosa idea é que, a meirande parte das veces, a cousa está máis na vontade e xa non tanto non presuposto, aínda que a unha e mais o outro teñan que ir –para ben ser- da man.

Así pois, temos que ser conscientes de que se perdemos o que temos acabaremos por desaparecer como entidade social e se o que queremos é non quedar só na lembranza da xente ou ben recollida en documentos “PRESERVEMOS O NOSO!” para, deste xeito, poder seguirmos existindo como pobo.



Cabaceiro



VESTIXIOS DOS NOSOS DEVANCEIROS (V)

Santiago Prol Blanco

A casa de Maceda, solar dos Nóvoas, é das máis ilustres e grandes do Reino de Galicia. Descenden os primeiros señores dela, dos reis daquel reino. Veneran os seus sucesores por coñecido ascendente, cando menos a Pedro Láñez de Nóvoa, en tempos do señor rei don Afonso III o Magno, a quen serviu contra os mouros cando gañou Coimbra e Viseu.

MEMORIAL DO CONDE DE MACEDA (1709)

Na Torre de Maceda naceu outro, Pedro Láñez de Nóvoa, un dos protagonistas centrais do bispado de Ourense no último terzo do s. XIII e comezos do s. XIV. Fixo carreira política e militar dentro da Igrexa exercendo de belixerante cabaleiro feudal. Enfrontouse cos franciscanos e coas xentes do concello até o seu derradeiro alento. A cidade pretendía zafarse da opresión episcopal. Tivo que intervir Afonso X o Sabio -que mesmo residira na adolescencia en Maceda-, para dirimir os desatinos entre os dous bandos. A chegada de Pedro Láñez de Nóvoa “da poderosa casa de Maceda” á cúpula episcopal agravou o conflito. Era “*altivo, duro e iracundo até non poder conter a súa cólera nin entre os muros de sagrados recintos*” en verbas de Martínez Sueiro (1912). O cabido escolleuno como bispo para que mantivese a integridade do señorío.


O prelado mandou que apresasen aos homes do concello que se refuxiaron no recinto dos frades menores. Prendéranlle lume á igrexa primixenia dos franciscanos. Morreran dez persoas carbonizadas no interior. Outras mesmo foran acoiteladas. Ao bispo considerárono indutor daquel suceso que acontecera na primavera de 1295. Reprobado polos tribunais reais, solicitou varias veces a condonación. Bonifacio VIII reclamouno para que na curia pontificia espuxese o sucedido. Coa bula do 25 de marzo de 1296, iniciouse un preito

convocando a Roma aos culpabeis. O litixio seguía sen resolver en 1307. Ao ano seguinte o papa Clemente V mandou instruír novo sumario. Pedro Láñez de Nóvoa era teimudo cos franciscanos, que foran ben acollidos eiquí cunha mensaxe pastoral aberta á sociedade do seu tempo, que mesmo colidía coa ortodoxia das vedrañas ordes. Ademais predicaban nas ágoras e templos en galego e non en latín.

O bispo recibira orde de poñer a primeira pedra do mosteiro de Santa Clara de Allariz, que tivera o apoio expreso da raíña Violante, muller de Afonso X, que mesmo desexaba soterrarse alí. Logo o prelado negouse á consagración da igrexa e do cemiterio. As monxas clarisas acudiron, despois de esgotar todos os recursos de mediación, ao bispo de Silves (Algarve) que en 1293, executou comprado o que o bispo Pedro



Claustro de San Francisco (Ourense)




láñez de Nóvoa se negara a patentizar.

Ao finar en 1308 soterrárono na catedral de Ourense. A potentada familia Nóvoa de Maceda contribuíu con forte inxección económica na construción do novo mosteiro franciscano na aba de Montealegre, extra muros da cidade medieval, reservando dereito de sepultura para magnates do apelido e consortes. Nel traballaron os mellores mestres canteiros de Galiza costeados polos poderentes nobres de Maceda. Porén, o bispo Pedro láñez de Nóvoa aportou en positivo, despois de morto este formidábel legado patrimonial á cidade de Ourense: convento, igrexa e claustro. No templo, desprazado nos anos 20 do s. XX ao Parque de San Lázaro –no corazón da parte moderna da cidade-, descansan varios fidalgos de Maceda: Xoán de Nóvoa, a súa nai Elvira de Nóvoa, Gonzalo Puga e a súa dona Teresa de Nóvoa. O bispo tiña varios parentes colocados estratexicamente no cabido. Ao pouco do seu pasamento acadaron a

cadeira mitral, controlando a casa de Maceda boa parte do poder eclesiástico e civil de Ourense até a metade do s. XIV. Gonzalo Daza Nuñez Osorio (1311-20), Gonzalo Pérez de Nóvoa (1320-1332) e Álvaro Pérez de Biedma (1341-51), repousan na catedral ourensá, a carón do arcosolio do seu mentor Pedro láñez de Nóvoa.

A familia Nóvoa era belixerante. Porén, trouxo progreso para Maceda. Estes fidalgos tiñan responsabilidades de goberno en parte do Val do Medo. Obtiveran licenza real para nomear alcaldes maiores, mordomos, notarios, escribanos... Tamén propiciaron o nacemento da feira por mor dun privilexio real de 1401, que beneficiou a Maceda, onde se erixira o cárcere xurisdiccional que rexentaban. O día 20 de cada mes celebraríase un mercado na vila baixo a protección dos Nóvoa, no que cobrarían polo señorío, solo e vasalaxe, o asento das transaccións. O mercado inicial foi evolucionando até transformarse no eixo central da riqueza do territorio. O casal primixenio comezou a medrar ao abeiro da Torre pola caeira. Trocouse no despregamento do burgo e logo nunha vila comercial con proxección. A mediados do s. XVIII “amosaba un mercado de primeira orde” consonte Xan Carmona (1990), ates-

tado de bufariñeiros da bisbarra que ían a Castela na procura de mercadorías e tardaban entre seis e nove meses en tornar. Logo vendían eiquí panos, lenzos, liño,



estopas, azafrán e outras especiarias. Tamén obxectos de madeira, corda, peixe seco, perfumes, adubios e quincalla [o bufariñeiro máis nomeado da contorna foi Manuel Blanco Romasanta, que actuou -a mediados do s. XIX- como “fera salvaxe” contra os da súa propia especie pola Serra de San Mamede e pasou á posterioridade asociado -mesmo xudicialmente- á licantrópia].

Os fidalgos de Maceda foron espallándose e xunguín dose con nobiliarios de Vila-marín, Mos, Monforte, Betanzos, Ourense, Noia... e con apelidos notábeis: Andrade, Lemos, Enríquez, Altamira, Ribadeneira, Ulloa, Puga, Córdoba, Mendoza, Cadórniga..., nunha labiríntica e prolífica árbore. A decadencia da casa de Traba no s. XIII e a inimizade entre os Castro e o rei Afonso X, repercutiu ne-



gativamente no Reino de Galiza. No s. XIV asentáronse eiquí liñaxes alleas. O rei Enrique II, antigo conde de Trastámara, favoreceu aos novos fidalgos. A casa de Maceda soubo manterse, mesmo engrandecerse aínda que nalgunhas ocasións con métodos pouco diplomáticos.

Entre a fidalguía con peso en Ourense aparece un membro “da podente familia de Maceda” en verbas de López Carreira (1998), que destacou por non apoiar as reivindicacións do concello: “Facendo causa común co bispo contra

a cidade, apareceron célebres fidalgos como Xoán de Nóvoa que está tan estreitamente unido a el, que en 1458 vive no Castelo Ramiro [reduto episcopal até o asalto definitivo do movemento irmandiño]. Dedicase a pillaxes propias de calquera malfeitor”.

No reinado de Pedro I o



Ponte romana (Ourense)

Cruel, Ourense viuse envolta en loitas co seu irmán [o futuro rei Enrique II] pola coroa. Naquela xeira manifestouse outro fidalgo da casa de Maceda que defendeu en 1366 a Ponte Romana, onde tiña dereito de portádego. Amosábase clave no acceso á cidade cando Fernando de Castro atacou aos partidarios de Enrique. En 1386 o nobre macedán Xoán de Nóvoa defendeu infrutuosamente outra volta a Ponte contra o duque de Lancaster que, nas súas aspiracións dinásticas, contou co apoio de parte da nobreza galega.

BIBLIOGRAFÍA

LANZÓS E NÓVOA, J. B.: (1709), *Memorial*. Ed. facsimilar, Boletín da Real Academia Galega, 1923, A Coruña.

FERNÁNDEZ ALONSO, B.: (1897), *El Pontificado Gallego. Crónica de los obispos de Orense*, Imprenta del Derecho, Ourense.

FERNÁNDEZ ALONSO, B.: (1916), *Orensanos Ilustres*, Imprenta El Diario de Orense.

MARTÍNEZ SUEIRO, M.: (1912), *Fueros Municipales de Orense*, Imprenta La Popular, Ourense.

YZQUIERDO PERRIN: (1993), *La Catedral de Ourense*, Edileisa, León.

LÓPEZ CARREIRA, A.: (1998), *A cidade de Ourense no século XV. Sociedade urbana na Galicia Baixomedieval*, Deputación de Ourense.

FRAGA SAMPEDRO, M D.: (2002), *San Francisco de Ourense, análisis histórico-artístico de la iglesia y el convento*, Museo Arqueológico Provincial de Ourense.

PROL, S.: (2009), *Nobres vencellados ao Castelo de Maceda. Pedro Iáñez de Nóvoa. O prelado pirómano medio século no poder*, Difusora de Letras, Artes e Ideas, Ourense.

AS FONTES DE MACEDA NO S. XIX

(Publicado o 3 de abril de 1995 no xornal La Región)

Concepción Caramés González

*Adiós, ríos, adiós, fontes;
adiós, regatos pequenos;
adiós, vista dos meus ollos,
non sei cando nos veremos.*

Rosalía de Castro
“**Cantares Gallegos**”

Un pasado non lonxano houbo varias fontes en Maceda con nomes tan fermosos como famosos son nomeadas a do “Alcatruz” e a dos “Caños”.

Fonte dos caños



Hai varios documentos que fan alusión a ditas fontes. No ano 1840 (a máis anterga) fá-lase dun reparto de auga común da fonte dos “caños”, “... para regar según costumbre las legumbres de verano, procediendo los vecinos a nom-

brar un perito (desde 1º de mayo a últimos de agosto)...” que foi Joaquín González de Outeiro.

No ano 1847 acórdase a composición da fonte e do tanque dos Caños, a “... extensión del pilón para comodidad de lavanderas y desagüe. Baldosado y techo o tinglado sostenido por dos columnas de piedra...”, o custo foi de 1.200 reais e o proxecto foi admitido polo Goberno Civil.

Na acta do 15 de xuño do ano 1848, a Corporación reco-

noce “... la necesidad de que se construya un caño a la salida de la fuente principal de pueblo, pues sin él no puede desaguarse ni limpiarse el pilo... y además indispensable para que alrededor del mismo

puedan transitar las caballerías que de continuo van a aquel punto y sin incomodar a las lavanderas, beber en el tanque...” y “... se nombra al teniente de alcalde don Melitón Rodríguez que como agrimensor que tener conocimiento...”

Nun escrito do día 20 do mes, en referencia ó de antes, dícese entre outras cousas que entre o pilo da fonte e o muro que por o nacente sostén un terreo de Xosé Aldemira e Tareixa González hai que construír uns asientos que proporcionen ás lavadeiras e ós cestos da roupa aco- modo. Este acordo faise sendo alcalde Ramón Carnicero, e custa 1.480 reais.

Fonte do alcatruz



Outra fonte moi sonada foi a do “Alcatruz”, chamada así polo caño que se forma con tubos de barro cocido para conducir a auga dunhas partes a outras.

A noticia máis anterga que temos sobre esta fonte é do



ano 1846 por un escrito de Xoán de Nóboa, desta vecindade, e que di: "... Ramón González de esta villa trata de aislar un terreno servicial al pueblo y feriantes a la parte de arriba contiguo a la casa nueva;... por separado en el extremo fondero del terreno que se abista se sabe hay la arqueta registro del caño y fuente del alcatruz..."

O 31 de maio dese ano, reúnese a Corporación "... previa denuncia que hicieron algunos vecinos de la obra que trata de edificar Ramón González frente al crucero... bajo las condiciones siguientes: 1º Que las aguas que ascienden de la parte superior del pueblo las ha de encañar... o lastrando el camino que desde allí va para el uzal en el sitio por donde le cruza al arroyo... no bajando nunca agua del crucero abajo. 2º Un camino para la fuente que pueda transitarse de a pie y con caballerías. 3º Que como fundadamente se presume, con la edificación de la obra "llegará en algún tiempo a aminorarse o faltar el manatíal que desde aquel punto baja a la fuente del Alcatruz, si esto sucediese será obligación de Ramón poner a su cuenta espedito dicho manantial siendo extensiva a sus herederos..."

A treboada que o 16 de xullo do 1849 caiu sobre a fonte fixo que se tomase o

acordo de que con acarretos de prestación persoal se fíxese o embaldoso do lado dereito do pilo e dúas reparacións do frontis esquerdo.

Parece ser que inmediato a fonte estivo o chamado "Campo dos Pulpos", cousa lóxica por demáis, xa que precisaban de auga para os cementos.

No ano 1893 faise a reconstrución da fonte por 499,95 pesetas, polo mestre de obras Manuel Rodríguez Fernández.

Non podo deixar de describi-la fonte, o pilo, era circular e tiña arredor uns asentamentos tamén de pedra, e un frontis de donde saía auga a través dun caño que botaba nunha pía e desta pasaba ó pilo. Estaba arredorada de grandes árbores que lle daban unha gran sombra e vistosidade.

Fonte nova



A terceira fonte da que temos noticias é a chamada "Fonte Nova", son do ano 1862, e na Acta dícese: "Agrandar tanque Fuente Nueva y hacerlo casi de nuevo por no guardar el agua siendo indispensable para gran depósito de aguas tanto para riegos tanto para lavar la ropa y acudir a incendios".

No ano 1894 faise alusión as queixas dos veciños da calle Quevedo e Méndez Núñez de que "...la fuente llamada Nueva tiene las aguas en descomposición por roturas de cañerías dando cólicos y dolores de vientre".

Pero para acabar como empezamos, con un adeus tan sentido como o de Rosalía, en Maceda ante o que chamen algúns -que non saben de que vai a cousa-progreso, a piqueta; e a falta de non saber, foi a causa de que hoxe non teñamos fontes, somentes as da "auga da traida".

(Nota: A redacción é fiel á da súa publicación no xornal citado, mais as fotos foron engadidas para esta publicación.)

ARDE O CEO! (1938)

A.C. AIRA DAS MANTAS

O 25 de xaneiro de 1938, ás sete da tarde, un fenómeno moi raro inquietou á xente de Maceda. Non sabían o que estaba a ocorrer cando viron un resplandor inmenso. Isto,

suscitoules un temor moi grande e nun primeiro momento levounos a pensar, a moitos deles, que se trataba dun incendio.

A xente saiu á rúa correndo e gritando con caldeiros nas mans, cara ás

Canteiras -como se dun corpo de bombeiros se tratase- berraban, IN-CEN-DIO NA PA-NA-DE-RÍA DO DEL-FÍN, (naqueles anos situada na parte de atrás dos Almacéns Santos).



Mais cantos alí chegaron, aparvados quedaron ó ver que non había lume por ningures; entón empezaron a dicir que o lume era nos piñeiros (onde está actualmente o bar Cortés).

Seguiron correndo e ó se achegar o que viron non foi o lume anunciado senón unha luminaria vermella moi intensa cuns escintileos que abarcaban parte do firmamento.

Para situarnos no contexto, deberíamos ter en conta -por unha banda- que ás sete da tarde no mes de xaneiro é xa noite pecha e -por outra banda- a súa intensa cor vermella que se proxectaba na escuridade da noite.

Así que ó ver aquel intenso resplendor, antes nunca visto, que iluminaba todo, para nada é desatinado imaxinar que o pánico se apoderara da xente e que os levara a berrar como se duns posuídos se tratara: AR-DE O CE-O! AR-DE O CE-O! AR-DE O CE-O!

Pero que estaba a ocorrer?

Os veciños de Maceda pensaban que algo grave estaba a ocorrer, pero as inqedanzas producidas por este feito por primeira vez vivido foron disoltas polo párroco, un tal D. Xullo Álvarez, grande erudito nesta materia, pola súa afección á meteoroloxía e mais á astronomía, que calmou á poboación e explicándolles o que estaba a suceder e así sacándolle importancia.

Nin máis nin menos se trataba dunha aurora boreal, en todo o seu esplendor! De cor vermella aínda que o habitual é que sexa verde, azulada ou amarela.

Os macedanos nunca viran semellante fenómeno meteorolóxico (por certo e abofé, moi raro nestas latitudes) e despois das explicacións que o párroco lles deu, a xente acougou e, así, todo quedou nunha mera anécdota, que serviu de tema de conversación durante algún tempo.

Mais non é todo pois, non só a vila de Maceda se abraiou senón tamén toda España e grande parte de Europa e América

do norte.

Ao día seguinte, a prensa de todos os países onde foi percibido este fenómeno, publicaron o sucedido.

Segundo o lugar onde se vira, cadaquén o interpretaba dunha maneira; así, por exemplo, en Holanda foi acollido como un bo presaxio, pois acababa de nacer a que posteriormente sería e aínda o segue sendo na actualidade, a raíña Beatriz.

En España, sen embargo, deu pé a que se auguraran malos momentos xa que levou a pensar que era un castigo de Deus, dado que se estaba a sufrir a triste guerra civil e unha mostra disto son algúns comentarios, de entre eles tiramos este do libro *“La vida cotidiana en Palencia durante la guerra civil (1936-1939)”* de M^a Jesús del Egido, Araceli Alcalde e M^a del Mar Ayuela, que di:

“...Tema muy comentado fue lo de la aurora boreal que se produjo en enero y que los palentinos achacaron a la amenaza comunista”.

GALAXIA DE ANDRÓMEDA

Juan Carlos Garrido Pérez.

Asociación Astronómica de Ourense (AAO)

Encóntrase como o seu nome indica na constelación de Andrómeda.

A *galaxia de Andrómeda* *Messier 31* é con moito a máis extensa e brillante que se ve dende o hemisferio norte. Permiten divisala -a simple vista- as noites un pouco escuras. Nese momento, o ollo capta un pequeno resplandor suave e esquivo. Cuns prismáticos, a partir de 10 x 25 aumentos, apréciase un disco claramente oval de luz confeitada.

No centro do óvalo xace un núcleo brillante -de aspecto estelar- arredor do cal a luz cae con suavidade cara a un



dos bordos.

Xusto ao sur do centro da galaxia xace unha mancha separada -de luz oval- que con prismáticos se ve como un punto borroso, é a *galaxia satélite* *Messier 32* -de tipo elíptico- e, polo tanto, uniforme e carente de trazos. No lado oposto do disco -e algo máis lonxe- encóntrase unha tenue *galaxia* *Messier 110*. Trátase doutra galaxia compañeira.


A *galaxia de Andrómeda* é a máis próxima cun tamaño comparable ao da nosa propia galaxia. A luz que desprende

o seu núcleo tarda 2,4 millóns de anos luz en chegar á Terra.

Así, podemos afirmar que a *galaxia de Andrómeda* é -das ata hoxe descubertas- unha das máis espectaculares que existen e a que a centos de astrónomos máis curiosidade esperta.

Para localizar a *galaxia* *M31* na constelación de Andrómeda, a partir do mes de xullo, mirar cara ao Leste, aproximadamente e como referencia cara á Serra de San Mamede.





Localizar a constelación coa carta celeste que se mostra.

MÁMOAS

Ambrosio Borrajo Conde

Cando estamos perante unha mámoa o que vemos é un montículo de forma cónica achatada, cun diámetro de 10 a 13 m. e unha altura non superior a 5 metros. Nalgúns casos hai unha coiraza protectora de pedras.



Mámoa

Se quitasemos a terra encontraríamos unha cámara funeraria chamada “dolmen” ou “*anta*” na que foron enterradas unha ou varias persoas co seu enxoval.



Estamos ante un monumento funerario moi antigo, construído na época megalítica (V-III milenio a. de C.). Tén a mesma finalidade que

as Pirámides de Exipto, pero son máis antigas.

O seu nome procede do latín (mammula=teta pequena). A súa forma recorda o peito dunha muller. As mámoas tamén se coñecen con outros nomes “*medorra, medoña, madroa, medela, túmulo, mamoiña, modia, etc.*”

Se retiramos a terra atopamos o dolmen (do bretón *tolmen* <tol=mesa <men=pedra).

Tamén se coñece con outros nomes: “*anta, arca, antela* ou *arquiña*”.



Dolmen

Está formado polos “*ortostatos, esteos* ou *chantas*” que están en posición vertical e formando o teito unha lousa horizontal.

No seu interior é onde se depositaba a un ou varios

mortos xunto ó enxoval que consistía en puntas de frechas, machadas de pedra, cerámica, ídolos, etc. Nas excavacións realizadas nunca se atopou ningún esqueleto. Iso débese a que o terreo é moi acedo e destrúe os ósos. As mámoas podemos atopalas en todo o continente europeo, pero onde máis abundan é na franxa atlántica. En Galicia estímase en 20.000 o número de mámoas, pero sábese que outras moitas foron destruídas polas pistas ou por traballos agrícolas. E unhas 3.000 foron expoliadas no século XVII, cando en Galicia tivo lugar a “febre do ouro”.

Os feitos sucederon así: O clérigo indiano, Pedro Vázquez de Orxea, tras convencer ó Rei Felipe III (que acababa de saír dunha guerra e precisaba cartos) consegue un permiso, en exclusividade, para excavar as mámoas do NO peninsular. A cambio a Coroa recibirá a maior parte do ouro e da prata que se atope nelas.

Trascendeu a nova e cen-



tos de galegos dedicáronse a excavar as mámoas en busca do tesouro, convertíndose en supostos violadores ilegais. Como había pelexas, sobornos e ata asasinatos estes monumentos ós que atribuían grandes fortunas, o Rei mandou colocar forcas para disuadir ós furtivos e que se ativeran ós riscos que correrían se as excavaban ilegalmente.

Como non había quen parase ós furtivos, o Rei ameazou co cárcere ós


responsables xudiciais se non entregaban ós ilegais. Isto provocou que moitos galegos, entre eles bastantes inocentes, fosen detidos.

O Rei extremou as medidas de represión porque pensaba que o ouro (inexistente, pois en ningunha mámoa se atopou nin ouro nin prata.) solucionaríaa os problemas da Coroa.

En moitas pódese ver o cono de violación por onde se accedeu ó interior da *anta*.

No Concello de Baños de Molgas hai varias que podemos visitar: 7 nas Searas, no monte Cubreiro (cerca de Cardoeiro); 1 nas Raposeiras de Abaixo, en Vilariño de Lama Má; a Medorra de Calvelo e o Burato do Haber, no monte Medo de Xocín e Calvelo. Esta última está limpa de maleza e perfectamente sinalizada. Conta cunha caixa na que hai información acerca deste tipo de monumentos funerarios.

Así se cre que foron construídas as mámoas



Cofece o noso Patrimonio, colabora na súa conservación e difusión!

EMIGRANTES DE MACEDA (1900-1920). DESTINOS E OCUPACIÓNS

Miguel Ángel González García

Dir. Arq. Hco. Diocesano de Ourense

A emigración é un fenómeno que evidentemente marca a vida e a historia dunha comunidade. Os nosos pobos, dalgún modo, están marcados pola emigración temporal ou definitiva das súas xentes, pero moito menos pola inmigración.

O despoboamento, os cambios de mentalidade, a renovación da arquitectura -non sempre con criterios acertados-, a promoción social e educativa dalgúns dos membros de familias dos nosos pobos está unido a saír dos mesmos en busca de traballo e formación principalmente.

Non pretendo con esta achega puntual facer un estudo da emigración en Maceda, tema que sería interesante, pero para o cal habería que utilizar máis fontes que a concreta que neste caso uso e que é a sección chamada “*de liberdades do Arquivo Histórico Diocesano de Ourense*”.

Trátase da documentación solicitada cando alguén des-



exa contraer matrimonio e non reside na súa comunidade natural para ter evidencia de que os contraentes non teñen ningún outro vínculo conxugal que lles impida contraer matrimonio canónico, é dicir que son libres.

Con ese motivo solicítase testemuño, do lugar ou lugares onde residiron, da súa soltería e nesa información indícase lugar e profesión así como razóns que os levaron fóra da súa patria.

Como evidentemente non todos os emigrantes necesitaban este tipo de documentación, a información é parcial pero serve -a modo de mos-

traxe estatística- para marcar tendencias de destino e de profesión.

Moitos deles achegaron co seu traballo progreso e modos de vivir á familia que quedaba no pobo, por iso na maior parte dos casos son persoas ás que debemos recordo agradecido.

Tamén hai que ter en consideración que non foron as vilas, onde era máis fácil atopar algún tipo de ocupación, as que máis emigración xeraron senón o mundo rural.

Así pois, sinxelamente, imos facilitar a lista dos veciños de Maceda que entre 1900 e 1920 saíron da vila en busca de traballo xa sexa a outras partes de Galicia ou a España e principalmente a América.

Inicialmente indicaremos para facilitar a comprensión da información os destinos e as ocupacións dos nosos emigrantes.

Así mesmo, sinalamos que neste tipo de cambio de pobo-



ación hai tres inmigrantes, persoas foráneas que se asentaron en Maceda: éstas son un murciano, pero quizá de orixe estranxeira, que debeu casar cunha macedana; un bilbaíno que se estableceu en Maceda como xastre e un portugués do que non se indica profesión.

Tamén, debe sinalarse nestas datas, por motivos de estudo, dun mozo que cursaba a carreira de farmacia en Santiago.

Esta razón, é dicir a dos estudos, será décadas máis recentes un dos principais motivos polos que deixaban máis ou menos temporalmente a vila moitos mozos, maiormente de boas familias, que cursaban estudos superiores.

DESTINOS

AMÉRICA

Como sucede noutras partes de Galicia foi América o destino preferido, por tanto non se apartou Maceda do que foi norma. Os macedanos con desexos de traballar encamiñáronse principalmente nestes anos a Sudamérica, ademais de que o idioma lles era coñecido o traballo tamén era fácil de atopar e o gancho que supuña a estancia xa doutros moitos compatriotas facilitou este destino.



Cuba é o principal destino: 15 macedanos estiveron alí establecidos, algúns como soldados, sendo probable que tras a perda da colonia no ano 1898 quedarán exercendo algunha profesión por terse alí namorado. Para outros, quizais, foi só unha estancia temporal.

Arxentina foi o segundo lugar de destino dos nosos emigrantes. Foron 9 con ocupacións moi diversas.

Brasil seguía ós anteriores destinos citados, con 8 emigrantes.

Logo, Uruguai e México con 1 cada unha destas nacións.

EUROPA

Só, en dous casos, xente de Maceda se estableceu en Portugal e dicir, así mesmo, que 1 portugués se veu esta-

blecer en Maceda.

ESPAÑA

Bilbao e Xirona, con 1 cada unha foron os destinos desta mostraxe, xa que o estudante en Santiago -dalgún modo- non se pode considerar máis que nada porque este destino era temporal. E por último, 1 murciano que veu vivir -por razóns de matrimonio- a Maceda.

OCUPACIÓNS

A razón da saída por motivos militares a Cuba é unha das máis destacadas, pero como indicamos supoñemos que foi temporal e culminouse coa caída da colonia en 1898.

Nos outros casos fóra de 2 comerciantes en Cuba e México os demais ocupáronse en labores de pouca especialización como panadeiro, ferreiros (2), zapateiros (3), carpinteiros (3) braceiros (3), aguador, empregado dos tranvías en Bos Aires, mozo en almacén de mobles, traballador en fábrica de licores, traballador do campo, mozo de hotel e serventa.

Espero que esta información lle poida ser dalgunha utilidade a quen estude con maior profundidade a historia da vila de Maceda ou o fenómeno tan importante da emigración en Galicia, pois non tén máis alcance esta achega.

AS CONSTRUCCIÓNS ADXECTIVAS: OS FORNOS DE TIOIRA

Luis Del Campo Prol

Sen dúbida que moita da arte da alfarería se perde nos castros e mámoas espallados polo noso val de San Mamede, rico en distintos tipos de barro a posteriori transformado por industrias familiares en distintos tipos de útiles e representando un complemento económico á agricultura e máis á gandería.



O paso da Vía Nova por riba da corga de Tioira posiblemente contribuiu a un meirande desenrolo destas olerías dado que a man de obra tiña que ser moita e a necesidade de cacharros “funcionais” tamén tería que ser

abundosa. De feito, ó longo da Vía -polo camiño da Xe- atopáronse moitos útiles de barro cocido. Así mesmo cando o arado vai fondo aparecen abundantes cachos de barro en todo o val.

Temos que pensar que o paso das estruturas social e colectiva dos castros do val de Tioira a una conversión en distintos núcleos de poboación, lugares e aldeas, produciu sen dúbida unha involución neste e noutros tipos de traballos artesanais que máis tarde foron enriquecidos cara ós séculos III e IV pola chegada e paso dos romanos a través da Vía Nova.

Durante toda a Idade Media, ata os séculos XVI, XVII e XVIII que empezou o desenrolo da economía do campesiñado, este tipo de artesanía era usada maioritariamente pola clase máis baixa xa que a nobreza podía dispoñer doutro tipo de útiles: ferro, chumbo, estaño,... fabricados nas súas propias ferrerías espalladas por toda Galicia.

Coa mellora da economía

no século XVII, co cultivo da pataca e o millo e coa expansión da gandería e o aumento da poboación prodúcese unha diversificación económica xa que os excedentes da produción conleva o paso dunha economía de autoconsumo á aparición de oficios artesanais especializados xunto cunha economía comercial.

O campesiño non podía ter una vasilla de metal dado o seu alto custo, polo que as vasillas de barro eran unha alternativa menos custosa e usábaas para as necesidades nas que as de madeira non podía usarse, por exemplo as que se poñían ó lume.

Ata o despegue da economía galega, cara ó século XVI, a fabricación de vasillas de barro era moi limitada. A migración propia do noso país, dende tempos inmemorables, e a chegada doutros pobos coma os moriscos, os casteláns, os portugueses,... supuxo a entrada de técnicas de fabricación con tornos baixos e a súa cocción nos fornos comunais do pan.



A chegada do torno alto permitiu multiplicar a produción e o abaratamento do produto así como poder competir cos elaborados con madeira.



Chocolateira

Sen dúbida coa mellora e perfeccionamento deste oficio nacen as aldeas de alfareiros que chegan ó seu meirande desenrolo cara a finais do século XIX.

Cabe dicir que a pesar de que por toda Galicia é abondoso o termo “oleiros” en ningún se constata que teña relación con tal oficio.

Di Frei Martín Sarmiento que posiblemente responda éste á existencia destas vasillas en lugares de enterramentos megalíticos.

Fago referencia a isto pois existen lugares perto de nós con ese nome.

AS OLERÍAS DE TIOYRA

A primeira referencia escrita sobre a fabricación de cacharros en Tioyra aparece no Catastro da Ensenada (9 de setembro de 1752)

Labradores Olleros

Domingo Pasqual, hijo de Pasqua Mendez, soltero que vive en su compañía, Alexandro Fernández, Martín González, Antonio Carvallo, Julián Carvallo, soltero, hijo de Francisco que vive en su compañía, Francisco de Santiago, hijo de Felipe que vive en su compañía, Bartholomé Ramos, Diego Ramos, hijo de Francisco, Gerónimo González, hermano de Domingo, Diego Pasqual, Domingo Estévez, Francisco Estévez, soltero hijo de María García, Juan Cabana, soltero hijo de Domingo, Antonio Pasqual, Matheo Cavana, hierno de Antonio García, Domingo González, hijo de María Longa, Francisco Garrido, hijo de Blas, Francisco Estévez, miliciano, Antonio Santiago, Pedro Estévez, Juan Rodríguez, soltero hijo de Domingo, Antonio Estévez, Francisco López, hijo de Gaspar, Francisco de Santiago, Francisco López, Manuel Blanco, Domingo Estévez, Eugenio da Vila, soltero, hijo de Josepha, Antonio Carballo, Francisco Rodríguez y Antonio Rodríguez, todos estos usan el oficio de hazer ollas, en el qual se ocuparan un mes en el año y le rendirá a cada uno de estos, cinquenta rreales por no tener más comercio que hazerlas y venderlas luego que las sacan del Horno, y lo más tiempo de el año lo ocupan en el cultivo de sus vienes según la regulación que queda dicho, le consideran.

“En Tioira hai os barros, en Cimadevila fan olas, en Carguizoi as pucheiras e no Batán os xarros”.

Ata hai uns anos, Sarreaus, Batán, Cimadevila, O Campo, Sta. Marta, Tioira e Carguizoi eran aldeas de oleiros e ésta era unha cantiga que se cantaba pola comarca.

O val de Tioira, atravesado polo río do mesmo nome, atópase na corga da serra de S. Mamede, no Concello de Maceda de Limia, e así se chama ata ben entrado o século XX.

Toda esta terra, de depósitos ternarios arxilosos dan un barro escuro e por ende unha cor característica ós seus cacharros.

Houbo fornos e formas de cacharros característicos en parroquias dos arredores como son Xinzo da Costa e Vilar de Cas.



Xarra e xarro

Había os “oleiros”, que por extensión se chamaban “arrieiros” ou revendedores de olas e os “caseiros”.

O oleiro traballaba para o caseiro.

O alfareiro estaba obrigado a facer no día unha carga de olas (o equivalente a unha ca-

balería) e 13 pucheiros.

Aló polo ano 1940 gañaba un oleiro 3 ptas./día traballando ó xornal e mantido, ata o ano 1942 ó 1946 que se ergueron contra os caseiros defendendo os fornos para que ninguén cocese e esixíndolles un aumento no xornal que conseguiron no 46 e así chegar a 10 ptas./día.

O barro sacábase nos meses de setembro e outono nos lugares chamados Balbón, Casares, O Castro, Lamelas, Monte Medo, Pías e Soutiño novo.

Nestes meses xuntábanse ata medio cento de homes ocupados neste labor. Dependendo da funcionalidade da peza usábase un tipo de barro ou ben misturábase. O barro



Barro de Balbón

de Balbón era o máis pesado e o mellor, pero o de máis plasticidade era o de Soutiño novo. Para as pezas que se puñan ó lume tiñan que mesturalo co de Pías ou co do Monte Medo que era máis areoso ou, senón, con area do río.

Para sacar o barro facíanse pozos ou “*Barreiras*” de 2 m. de fondo por 1 e medio de boca, ata dar coa veta do barro. Ían posteando as paredes pois os derrubamentos eran habituais.

Utilizando unha “*aixada*” ou “*peta*” de folla cadrada cun mango curto de 40 ou 50 cm. sacaban o barro en “*cachos*” ou “*barros*” que se puñan en cestos para extraelos ata a boca na que outro os baleiraba nun montón perto da boca do pozo.

Todo este barro acumulábase nun campo onde permanecía varios meses ata que se levaba perto da casa en carros de vacas.

O barro curtido á intemperie metíase na cociña ou sala onde remataba de secar. Segundo facía falta botábase nun maseiro feito coa metade dun tronco de castiñeiro ou carballo e desfaciase cuns pisóns de carballo, traballo que o facía calquera das persoas da casa. Logo de facer o pó o barro pasábase polo “*cribo*” para separar as “*pisas*” sen esmagar. No mesmo maseiro engadíase auga para amasalo coas mans ata formar bolas que envolvían en sacos de esparto. Esta tarefa tamén se facía nas eiras e se amasaba co pé.

Para o traballo de cada día

o oleiro collía un anaco de barro chamado “*pelouro*” e bregábao enriba do bregadoiro, de castaño ou ben nunha pedra chá, amasando cos puños. Despois o pelouro dividíase en pequenos “*bolos*” chamados “*brega*” se chegaba para facer unha ola ou “*presa*” se era para unha cunca.

Denantes de comezar a elaborar a peza había que traballalo bateando entre as mans e rompendo en dous e apretando en cada man para sacarlle todas as burbullas.



Torno

O torno atopábase na cociña, á calor da lareira, ou nun curral. O desta zona era rústico, de eixe alto envolto en tea ou palla. Xirando dentro dunha táboa grosa insertada en dous furados das paredes dunha esquina, a roda pequena ou cabeciña tiña uns 20 cm. de diámetro de campo. O eixe estaba rematado en madeira de toxo ou uz xirando



sobre un coio de seixo como a roda dun muiño. De roda a roda había uns 55 cm. Por riba da roda tiña un traveseiro onde apoiaba a perna que descansaba; o alfareiro traballaba sentado nunha táboa ou sentadoiro da roda.

Como ferramentas, o oleiro tiña o “*canivete*”, peza de pau lixeiramente curva rematada en punta, feita de mazaira, bido ou pereira, duns 20 x 4 cm. e 4 mm de grosor que usaba para pulir ou suprimir rebarbas e para facer decoracións.

O “*pelico*”, anaco dun sombreiro de palla para rematar o borde dos cacharos e pulir as pezas, unha alpargata para darlle á roda, unha cunca con auga para mollar as mans e humedecer o cacho, e a “*liña*”, fío de liño para cortar as pezas rematadas. Todas estas pezas levábaas cando ía a xornal.

A fabricación dos cacharos:

1º Colocábase a “*brega*” enriba da cabeceira asentando e centrando o barro coas mans.



2º Poñíase a andar a roda, logo coa man esquerda suxeitábase o barro e coa dereita aplastábase.

3º Co dedo polgar fundíase o barro facéndoselle un furado para logo abrillo.

4º Coas dúas mans íase subindo o barro.

5º Cos tres dedos centrais da man esquerda e con toda a man dentro e mais o polgar e o índice da dereita por fóra íase dando forma á vasilla, modelando e subindo o barro.

6º Unha vez rematada dábasele forma ó “*puello*” co índice da dereita e limpábanse os bordes co “*canivete*” rematando a alzamento co “*pelico*”.

7º Cortábase a peza coa “*liña*” e colocábase no secadoiro, con moito xeito, coidando ter as mans coa humidade xusta para que non quedaran marcadas.

Unha vez que estaban medio secos nas táboas das paredes da cociña pasaban ó secadoiro ou cañizo, por riba da lareira.

Unhas das pezas con máis renome desta zona eran as “*olas*” de Tioira, pola súa firmeza e acabado. Usábanse para a auga e mais para mazar o leite xa que pola súa finura ó pólas cerca do lume o leite collía a temperanza necesaria para ser mazado.

saría para ser mazado.

O facer a ola é todo unha arte xa que tén que ser elaborada en tres pezas: o cu, a barriga e o pescozo.

A masa de barro unha vez centrada divídese en dúas partes separadas por unha masa máis estreita.

Coa parte de enriba ou “*ca-*



Canabarro

pelos” de arriba faise a parte superior da ola seguindo a maneira xeral para todas as vasillas. Unha vez rematada córtase coa “*liña*” e faise o “*capelo*” de abaixo, a continuación xúnguese e faise a orella igualando a superficie.

As olas habíaas con e sen asa. As de auga e as de mazar o leite non a tiñan. Unha característica que diferenciaba a unhas aldeas de alfareiros doutras era a forma de pegar as asas. En Tioira usaban o dedo índice para insertalo no barro e deixaban a



Barreñón

súa pegada.

Normalmente os adornos eran escasos, pero o oleiro na última peza parábase e adornábaa para demostrarlle ó caseiro que sabía traballar.

O remate da peza na súa boca pode ser en “orella” ou “borde”. En orella cando non tiña engrosamento e en borde cando se lle fai un desdobraemento para reforzar a peza como nos barreños, xarros e pucheiros.

Os adornos, dependendo da funcionalidade da peza, se era ou non para unha festividade.

Cara ó 1940 comezouse a usar o chumbo para adornar pezas pequenas e a isto se lle chamou “chumbarro”.

FORNOS

Ata hai poucos anos aínda



Forno comunal Sta. Marta

se conservaban algún fornos comunais como o da Telleira e o de Fondo en Sarreaus, Batán, o de Arnao e o do Campo en Tioira, Cimadevila, Carguzoi e Santa Marta. Aínda hoxe existe un no que se cocía tamén tella.

Atopábanse en airas comunais, levaban un emparrillado circular (chan do forno) cunha columna central na que se apoiaban unas pedras duns 60 cm. de longo, nalgúns ocos poñíanse restos de vasillas xa cocidas e outros quedaban sen tapar para a saída do lume e mais do fume.

Cada oleiro cocía cando tiña, aproximadamente, 10



Tixolo de castañas

“cargas” de olas. Este traballo facíano entre todos os veciños e carrexaban unha en cada man e outra debaixo de cada brazo. O enforar era unha arte pois diso dependía de que saíran ben cocidas as pezas. Ordenábanse en círculos concéntricos, as máis grandes por fóra embocadas cara ó centro, e as pequenas polo medio, embocadas cara abaixo. Cada fornada podía levar ata 300 pezas.

O encargado desta tarefa era o enforador.

Todo isto se tapaba con cachos de olas, pois sempre rompía algunha

Cocíase con toxos arnao e carpazos xa que amais de abondosos nos montes dos arredores eran o mellor combustible.

Na primeira hora o lume facíase agosto para que os cacharros se fosen quentando introducindo o material coa forquita de tizos pola boca do forno, distribuíndo por un igual. Despois pasábase ó lume forte para conseguir que os cacharros se puxeran roxos e coceran como é debido, e así se mantiña durante horas, poñendo por riba deles moaña para que chamase polo lume e conseguir un bo tiro.

Rematada a cocción botábase cinsa por riba para arrebatarse o lume e manter a calor do forno, cando a cinsa se pegaba ó lume era sinal de que estaban ben cocidos.



Cazolo pingo



Os fornos acendíanse case a diario enforando despois de xantar e empezando a cocer cando escurecía polo que a noite coa luz do lume refulxía por todo o val de Tioira.

A VENDA DE OLAS

Os propios oleiros encargábanse da venda das olas ou senón os intermediarios coñecidos como arrieiros ou porteadores, habendo casos de levalos ó lombo cando non tiñan cabalería.

Unha carga de olas constaba de 18 pezas e 12 pucheiros. A carga distribuíase 9 de cada lado, chamada “terzo”, e sobre o lombo ían tres lotes de pucheiros, chamados “vieiros”.

Os “terzos” atábanse con corda grosa embocando o cu dunha ola na boca doutra e separándoas con herba ou palla. Os “vieiros” atábanse cunha corda máis fina e despois coa “reata” atábase todo conxuntamente; mais podíase sacar unha soa peza sen ter que desatar o conxunto da carga.

A venda facíase nas feiras dos arredores, Maceda, Xunqueira, Baños de Molgas, Castro Caldelas, Montederramo, Parada do Sil,...

Non soamente ían homes a estas feiras, así podemos citar entre as féminas á señora Do-

lores” A Quinteira” natural de S. Marta.



Cando non se estreaban na venda viñan polos pobos facendo troque por patacas, castañas, fabas e outros produtos do campo.

En Maceda, na confluencia das rúas Do Medio, da Cruz, Principal e estrada da Rabeda, ubicábase antigamente a Praza das olas, (segundo documento de 1861 vendían as olas os de Tioira).

Nos últimos anos vendíanas cos de Niñodaguia na Aira das Mantas.

Os vendedores percorrían



Quentador

moitos lugares deica as montañas de Laza, Camba, Toro, Cervedelo, Campobeceros e toda a Limia.

Fabricaban cacharros específicos para cada feira, así olas para Xinzo de Limia, cazoletas e canabarro para Allariz e para a novena dos Milagros xarras, canabarro, petos e xoguetes.

Nos últimos tempos, debido á emigración, os mozos non aprenderon o oficio e foi desaparecendo. O derradeiro que houbo foi Manuel Carrera que montou no Batán o seu propio forno aló polo ano 1976.



Fornos cacharros e pan

Hoxe, por desgraza temos que dicir que este oficio desapareceu totalmente, quedando só a lembranza da súa existencia nalgunha que outra cantiga.

VESTIXIOS DA ARTE SUEVA EN ASADUR

José Ramón Sarmiento

A principios do século V, os pobos bárbaros situados nos confíns do norte de Europa e apresados pola fame, migran á parte central da actual Alemaña. Estas migracións alteraron a distribución de todos os pobos de Europa e precipitaron o final do Imperio Romano de Occidente. Foi no ano 409 cando a Península Ibérica sufriu un dos cambios máis drásticos da súa historia ao observar como inmensas ondas destes pobos de bárbaros acababan coa súa organización política e administrativa que adoptaran do Imperio Romano.

Tras a chegada dos pobos bárbaros á Península Ibérica, o principal problema que se expón é a repartición do territorio. Hidacio (400-469 d. C.), bispo e historiador hispano-romano, que naceu nunha cidade romana preto da actual Xinzo de Limia, fala nas súas crónicas da repartición das terras peninsulares por parte dos pobos bárbaros. Así, os Alanos instaláronse nas provincias de “*Lusitania e Cartaginense*”, os Vándalos silingos fixérono na provincia “*Betica*”. En canto á provincia de “*Gallaecia*” quedaría repartida

entre os Vándalos hasdingos e os Suevos como ben documenta Hidacio nas súas crónicas: “...*Gallaeciam Vandali occupant et suevi sita in extremitate oceani maris occidua...*”. Os Suevos aparecen nas crónicas de Hidacio como un pobo excesivamente protagonista no devir da historia do século V na Península Ibérica, se a iso engadimos que os Vándalos e Alanos desaparecen moi pronto do escenario ou ben porque foron aniquilados polos godos (Alanos e Vándalos silingos) ou ben porque abandonaron a Península moi pronto (os vándalos

hasdingos). De todos os pobos bárbaros que entraron na Península no 409 d. C., os Suevos eran quizais os menos numerosos, pero foron os que permaneceron máis tempo. O “*Regnum Suevorum*” durou exactamente 177 anos, ata que no ano 585 d. C. o rei godo Leovigildo aniquilounos completamente.

Co asentamento dos Suevos, o sistema de goberno en Gallaecia ía ser a monarquía. Os dous primeiros reis suevos, Hermerico (409-441) e Rechila (438-448) morren sendo reis pagáns. O sucesor, Rechiario (448-456), convér-



Sartego de Pedro Vázquez de Castro
(Igrexa de Asadur)



Baixorrelevo exterior na sancristía de Sta. Mariña (Asadur)

tese ao catolicismo; tratouse dunha conversión persoal que non implicou de todo ao pobo Suevo. No ano 469 d. C. co fin da crónica hindaciana ábrese un período de escuridade de case un século de duración. É o rei Miro quen convoca o II Concilio de Braga (572 d. C.) no que, baixo os auspicios de San Martín Dumense (510-579 d. C.), denominado como o “apóstolo dos Suevos” debido á súa obra evanxelizadora por todo o “*Regnum Suevorum*”, organízase a igrexa nacional sueva. A conversión do pobo suevo ao catolicismo supuxo, por unha banda, a integración destes co pobo galaico-romano e, por outro, como forma de incordiar aos visigodos e ao arrianismo. Deste II Concilio de Braga xurdiu un documento moi importante para o pobo suevo: o “*Parrochiale Suevum*”, texto que recolle toda a organización parroquial e episcopal de “*Gallaecia*” no século VI. Con este texto o que se pretendía era adaptar as estruturas civís xa existentes da época romana (civitates ou populi) a unhas novas estruturas leva-

das a cabo pola Igrexa sueva (parroquias). “*Gallaecia*” no século VI estaba organizada en 95 “*parroquias*”, das cales 10 pertencían ao episcopado de Ourense, e 25 “*pagi*”,

O que verdadeiramente chama a atención deste pobo bárbaro é que, sendo

tan protagonista durante estes séculos, non deixase constancia das súas obras artísticas ou culturais ou algún referente da súa actividade construtora. Non por iso quero pór en dúbida algunhas obras xa catalogadas de época sueva como as “*laudas de estola*” que identificou o P. Sarmiento e que Schlunk segue defendendo, hoxe en día, a súa autoría sueva. O feito é que no II Concilio de Braga incluíronse disposicións relativas á construción de novas igrexas e á consagración das xa existentes do que se deducen dúas evidencias: que moitas destas igrexas da época romana foron reconstruídas a partir da conversión do pobo suevo no século V, e ao longo do século VI que se iniciou unha actividade construtora de novas igrexas impulsada pola monarquía católica sueva. Hoxe en día podemos contemplar igrexas que foron testemuña desa transformación como son a de San Pedro de Rocas (Esgos, Ourense), a Catedral de Ourense (550 d. C.) ou a Igrexa de Santa Mariña de

Asadur (Maceda, Ourense).



Por este motivo, non é de estrañar que algún historiador teña catalogada algunha igrexa ou inscrición de época visigoda no canto de sueva, como é o caso da de Asadur. Nela foron catalogadas dúas inscricións como visigóticas. A primeira delas é unha inscrición cristiá situada no interior da igrexa xunto ao sepulcro de D. Pedro Vázquez de Castro, con letras moi desgastadas. A segunda delas é un baixorrelevo con inscricións situado na parte exterior norte da sancristía. Con esta achega o que pretendo é mostrar a evolución que tivo Asadur durante os séculos V e VI: sufriu unha transformación pasando de ser a capital dos “*interamici*” a un centro de culto relixioso gobernado polos suevos, como parecen probar as inscricións mencionadas con anterioridade e que considero da época sueva en torno ao século VI d. C.

NO VAL DE MACEDA (Parroquia a parroquia) SAN PEDRO DE MACEDA

Francisco Carballo Carballo

Cómpre gardar a memoria das parroquias. As do concello de Maceda son dez. As Chás e Covas pertencen a Montederramo, inda que teñan parte en Maceda.

O sistema parroquial de freguesías é dos séculos XI-XII. En Galicia, a parroquia foi, a partir deses séculos, a entidade social primaria até 1960. Un aspecto hoxe en debate. A parroquia rural, de menos duns centos de habitantes, perdeu a función social primaria porque pasou ao concello. Mesmo hai concellos en desfeita a dar á comarca tal xestión. Pode que algunhas parroquias perdan a significación relixiosa ao despoboarse. Estamos nun intre de insospeitados cambios.

Ante esta situación, aparece a urxencia de historiar as parroquias. Un labor cívico e relixioso. Paso a paso imos coñecendo datos das parroquias do noso concello (Luis del Campo Prol vén recollendo información sobre San Pedro de Maceda). Os arqui-

vos episcopal, catedralicio, provincial e os das rectorais, posúen numerosos documentos para a memoria da historiaren. Mais tecer o proceso histórico de cada parroquia é difícil pois hai moitas carencias documentarias. Parece necesario sumar investigacións de cada parroquia para unha análise histórica común.

Historiadores da Igrexa galega teñen intentado recoller e ponderar o pasado relixioso destas institucións, mais en Ourense queda moito que facer.

1. O DEVALAR PARROQUIAL

O cristianismo da Gallaecia e o dos primeiros séculos do reino suevogalaico presenta gran dispersión. Comeza a reunirse en oratorios minúsculos e en eremitorios. Logo aparece na documentación o “bispo da Gallaecia”; enseguida varios bispos de cidades e poboacións menores cabeceiras de *distritos* (*trebas*); nestes son diáconos ou presbíteros os que figuran ao fronte das comunidades.

Nos concilios bracarenses do s. VI xa observamos a existencia dunha “Igrexa” con centro en Braga. Un metropolitano e uns bispos. Dese intre quedáanos os “*Parochiale Suevum*” coa táboa de distribución dos fieis daquel reino suevo: once cátedras episcopais e dúas monacais. Nese documento a palabra “*parroquia*” significa a diocese ou cada distrito.

Da diocese de Ourense enuméranse estes *distritos* ou *trebas*: *Palla Aurea, Verugio, Bíbalos, Teporos, Geurros, Pincia, Cassavio, Vereganos, Sanabria e Galapacios maiores*. Ao irse afirmando o duplo poder episcopal, o relixioso e o civil, nos ss. IX-XII, a pequena diocese ourensá amplía o seu espazo. No s. XII aparecen as freguesías co nome de parroquias. Posuímos algúns documentos que verifican o paso do distrito comarcal á freguesía.

As institucións dificilmente desaparecen sen deixar rastros. Daquelas “*trebas*” xentilicias, baixo a dirección de



diáconos ou de presbíteros, quedaron os “arcediagados”. Uns distritos de varias freguesías, nas que os arcediagos tiñan encomendadas certas atribucións; eran uns intermediarios entre párrocos e bispos. A diocese quedou organizada nunha rede de “abades” (párrocos) co arcepreste formando un arceprestádego, máis outra rede superior de arcediagados asignados ás “dignidades” do cabido diocesán. Os arceprestes tiñan funcións pastorais e os arcediagos de administración no xogo do poder señorial.

Os arcediagados de Ourense son dos mellor coñecidos de Galicia. Foi Emilio Duro quen lle prestou máis atención. Nacen na Idade Media, perduran na Idade Moderna até a súa desaparición no concordato de 1851. Eran dez, de oeste a este: *Orcellón, Castela, Búval, Vicariato, Chantía, Celanova, Deanato, Caldelas (Mestrescola), Limia e Baroncelle*. Os catro máis extensos son: *Vicariato, Deanato, Limia e Baroncelle*. As parroquias do concello de Maceda pertenceron ao deanato, agás San Pedro que pertencía ao Vicariato (F. Carballo, *A Igrexa galega*, p. 94). Os arceprestádegos mudaron en nº ao longo do tempo. En 1955 eran 45, coa reformulación do bispo Diéguez Reboledo en 1989 reducíronse a 28. Ma-

ceda foi sempre un deses arceprestádegos.

2. AS PARROQUIAS DO CONCELLO DE MACEDA

O Concello de Maceda estabilizouse definitivamente na década de 1830, abarcando dez parroquias: *Sta. Mariña de Asadur, Santiago da Costa, Foncuberta, Zorelle, San Pedro de Maceda, Piúca, Sta. María de Tioira, San Xoán de Vilardecás, Sta. Baia de Escuadro e Santirso*. Éstas son de orixe medieval, agás *Piúca e Foncuberta*.

Antes da creación do concello de Maceda, estas parroquias pertenceron a diferentes señoríos. Á Xurisdición de Maceda, *San Pedro e Tioira* e desde o s. XVI, *Asadur, Zorelle* era da Xurisdición de Baños de Molgas (do conde de Monterrei); *Escuadro, Santirso e A Costa* do mosteiro de Montederramo. *Vilardecás* era couto dos Losada e Pardo. *Foncuberta* era da Encomenda de Quiroga. *Piúca* que era de San Pedro de Maceda pertencía con *Lamas* ao couto de *Bustavalle*. Existían lugares de diferentes parroquias que pertencían a señorios diferentes dos da parroquia, v.g. *Bascós de A Costa*, era do mosteiro de *Xunqueira de Espadanedo*; *Castro de Escuadro* con *Pías* dependían, a través de *Arnui*, de *Xunqueira de*

Ambía, un enclave asignado por Felipe II ao bispado de Valladolid.

Tal pertenza conlevaba dependencias espaciais diversas, á parroquia, ao señorío e á Monarquía. Triple fiscalidade: a dos dezmos e primicias aos “abades”, as señoriais e a da Monarquía, etc. Os señores eran padróns de parroquias; isto conlevaba a presentación de abades e a participación no mantemento das “fábricas” (edificios) parroquiais. Un sistema mixto, relixioso-civil que se modifica a fondo no concordato de 1851.

3. SAN PEDRO DE MACEDA

O arquivo episcopal de Ourense posúe a documentación das parroquias até o século XX. Practicamente até mediados do s. XIX en moitos casos. Para a Idade Media é o arquivo catedralicio unha das fontes de datos. O arquivo histórico de Ourense garda datos puntuais v.g. de 1601 de San Pedro de Maceda.



Igrexa S. Pedro e Castelo (Maceda)

Unha singularidade desta parroquia é a de pertencer ao

Vicariato. Inda non coñecemos a localización do primeiro templo parroquial nin da capela da vila. O templo actual parroquial de San Pedro, a 100 metros do castelo de Maceda, é do s. XVI. (Chamoso Lamas estudou o arcosolio da parte do Evanxeo onde foi enterrado o XVIII señor de Ma-



Arcosolio do XVIII señor de Maceda (Igrexa de S. Pedro-Maceda)

ceda; Olga Gallego estudou, na súa obra "*Historia das mulleres*"..., o testamento deste señor dos Novos. Afirma este Novoa que el mandou edificar o templo de San Pedro como capela súa e do seu enterramento, a principios do s. XVI.

En tal templo estanse a celebrar os cultos parroquiais durante a Idade Moderna e até 1880 que se comparten cos da capela das Neves. O templo ofrecía grandes deficiencias no s. XVII. Recibiu sucesivas reparacións e no

1991 celebrou con solemnidade esas melloras. É un templo digno que segue a server para servizos dominicais, funerarios e culturais. Garda o sartego de *Xoán Ianes de Novoa* e da súa esposa, *Xoana Díaz de Cadórniga*. Na parte inferior pode lerse: "*Mandou que esta casa de Maceda non a herdase senón persoa que se chámase dos Novoa*" (Texto completo en Santiago Prol, *Nobres vencellados ao castelo de Maceda*, 2009, p. 147).

A parroquia de San Pedro comprendía, xa no s. XVI, desde *Piúca* e *Souto* por *Donfranque*, *Outeiro da Torre*, *Casonel*, *Chaioso*, *Sarreaus*, a *Igrexa, Maceda, Francos* e *Vixueses*. *Piúca* e *Souto* formaron parroquia no s. XIX; *Vixueses* foi unido a *Foncu-bera* no s. XX.

No s. XVI, esta parroquia xa superaba ás do arredor en vecindario. No 1571 tiña 375 habitantes, seguida por *Sta. Baia de Escuadro* con 225 e *Tiora* con 200. O seu crecemento é continuo: En 1641, 450 hab.; en 1752, 650; a mediados do s. XIX, 816; en 1981, 2.010. Decrece: en 1991, 1666; pero decrece menos que as parroquias de arredor, agás *Vilardecás* que só perde 19 hab. O censo de 2007 dalle 1.762 hab., 851 varóns, 911 mulleres. Correspondían á Vila, 1591, aos seis

restantes núcleos só 171, sendo os habitantes do concello, 3.146.

Para coñecer algúns aspectos da vida relixiosa cómpre sinalar os centros de culto e de enterramento. A vila contou coa capela de San Ildefonso. Hai algún documento que menciona unha capela chamada de Guadalupe, mais parece que é a dita de San Ildefonso. No s. XIX, esta capela desaparece e constrúese a das Neves no 1880 (con festa en agosto). Capela ampliada hai pouco tempo. *Francos* téñen a capela de san Bartolomeu; *Chaioso* utiliza a capela da Casa Grande, con festexos na honra de San Pedro. *Vixueses* tivo capela Mariana; *Piúca* a de Sta. Eufemia e *Souto* a máis célebre, a *Donfranque*, que posuía a asociación de Nosa Señora das Dores e, parece, tivo un pequeno hospital. O enterramento era dentro dos templos;



Igrexa de Donfranque



pois todos querían aproximarse ao máximo ao altar principal. No s. XVIII comezaron os cemiterios. O cemiterio actual é de 1824 e posúe un cruceiro. Perante o templo hai un peto das ánimas.

Estas capelas gozaban de culto frecuente. Estaban ao cargo de capeláns e servían para xuntanzas e festas locais. No s. XVIII o clero era



Cruceiro
 (igreja de
 S. Pedro-Maceda)

moi numeroso; a parroquia de Maceda contaba con cinco sacerdotes e o abade (párroco) tiña a obriga de atender e facilitar a vida deses capeláns en xeral sen máis bens que o propio patrimonio.

Nos arquivos ourensáns non aparece ningún estudo das parroquias de Maceda. É o libro das “*Visitas*” onde podemos seguir o ritmo económico e pastoral de cada parroquia. Os secretarios dos visitadores-bispos ou delegados episco-

pais- redactaron breves ou longas entregas coas observacións do Visitador sobre o estados dos templos e das capelas e unha visión da freguesía; engadiron numerosos mandatos. Podemos consultar estas “*Visitas*” dos ss. XV ao XIX.

A visión que dan estas actas é monótona, repetitiva e continuativa, procurando eloxiar. Destacan o estado do templo parroquial e urxen aos mordomos e patróns para que utilicen correctamente as rendas da “*fábrica*”. Nunha segunda parte resumen os mandatos dos Visitadores. Hai unha insistencia secular: que os abades dediquen tempo, na homilía dominical, á explicación catequética, que esixan aos curas colaboradores unha correcta liturxia da misa, polo menos de 20 minutos. Nos ss. XV e XVI, repiten as normas dos sínodos; no XVII, resaltan a maior presenza de fregueses e mellor relixiosidade parroquial; no XVIII, medran as queixas tanto do mal estado dos edificios, templo ou capelas como do comportamento dos fregueses.

É o bispo don Dámaso Iglesias Lago, quen, en 1826, quere “restaurar” a vida parroquial danada polo enfriamento do XVIII e polas turbulencias de 1808-1823. A súa visita é un modelo do restauracionismo eclesial do XIX: coidado

do templo e das capelas, mandatos tradicionais máis extensos, edicto contra os pecados públicos e doazón de indulxencias. A Inquisición que actuaba paralelamente ao clero, non aparece nas anteriores visitas; nesta tampouco, pero subxace a nostalgia. Ao clero lémbrale a obriga de asistir ás conferencias periódicas de moral.

Aparece nestes textos a relixiosidade sacramental e a funeraria. Cun esforzo ás asociacións do Santísimo Sacramento e a de Nosa Señora que radicaba en Donfranque.

Maior, se cabe, valor é a dos libros de bautizados. Comezan no XVII-tardiamente; os de Asadur son de 1566. Libros até 1891 que permiten contrastar co Catastro da Ensenada, etc. Na Idade Contemporánea eses libros son máis completos.

Sería intempestivo someter a unha análise histórica esta parroquia de San Pedro no Antigo Réxime sen comparala coas dos arredores e sen esperar ao estudo da documentación dos arquivos rectorais dos ss. XIX-XX. Daquela poderemos intentar un acercamento analítico dese cristianismo parroquial do Medievo e da Idade Moderna no concello de Maceda. Queda a facer moito traballo de estudo e de crítica.

A PATACA EN GALICIA

Ricardo Losada Blanco

Enxeñeiro en Industrias Agrarias

Secretario Consello Regulador Indicación Xeográfica Protexida pataca de Galicia

No que a Galicia se refire, a primeira mención do cultivo da pataca é de data temperá: antes de 1607 fora sementada na horta do Mosteiro de Recoletos de Herbón, pois nas memorias do Arcebispado de Santiago, do cardeal Jerónimo de Hoyo, dise que na mencionada horta “*hizo plantar patatas el Sr. Arzobispo don Francisco Blanco (1574-1581); dieronse muchas pero muy bastardas*”; é ben significativo, a este respecto, que a pataca se coñeza en Galicia na segunda metade do s. XVI, pero que só cobre realmente importancia social un século e medio máis tarde.

As primeiras noticias con respecto ao cultivo da pataca en Galicia proceden de preitos entre pagadores (campesiños) e perceptores do décimo: o labrador debía pagar ata 1837. A cronoloxía documentada sobre expansión do cultivo iníciase basicamente en xurisdicións da provincia de Lugo: Viveiro (1736), Paradela (1756), Vilalba (1760) e comeza a xeneralizarse a partir do ano 1770.

Dos froitos menores, como liño, hortalizas, froitas..., o campesiño podía pagar ou non, pero en todo caso os perceptores non estaban dispostos a admitir que un cultivo non fiscalizado se estendese de forma desmesurada a costa de cereais que pagaban décimo.

Dende esta perspectiva, os preitos que sosteñen os campesiños de determinadas parroquias e os perceptores da masa decimal por cuestión do décimo das patacas son síntomas evidentes de que este cultivo comeza a alcanzar unha significativa importancia social que antes non tiña. Neste contexto, o primeiro preito pola cuestión de décimo das patacas data de 1736. No mes de decembro dese ano, o párroco de Santiago de Bravos, no correxemento de Viveiro (Lugo), e cunhas características xeográficas de transición de val a montaña, querelouse cos seus fregueses porque se daban a cultivar, sen decimar, “*aora de próximo, una especie de fruta que llaman castañas mariñas o criadillas*”.

O Catastro de Ensenada (1749-53) non menciona o seu cultivo, salvo en certas parroquias da provincia de Ourense. Cara a 1800, Lucas Labrada sinala que o cultivo das patacas se estendeu amplamente por mor da crise do cereal, gravísima de 1768-69, aínda que se equivoca cando afirma que antes desa data só se coñecía a planta na provincia de Mondoñedo (Lugo), pois viuse que hai constancia documental do seu cultivo con anterioridade a eses anos en Lugo e en Ourense.

Moitas outras testemuñas dunha e doutra parte insisten no mesmo, en que o cultivo da planta se practicaba en curtas cantidades dende illo tempo, pero que só a partir das dificultades frumentarias da década de 1760 cobraron as patacas importancia social, en particular para os máis necesitados.

En calquera caso, o feito de que a nova planta non se estendese a todas as terras ata practicamente o s. XX non é razón para que se descoñeza a súa importancia nalgunhas zonas de Galicia interior, dende o último cuarto



da centuria do S. XVIII. Se nalgunhas parroquias de Lugo e de Ourense a poboación crece dende 1780 en adiante ata ben entrado o s. XIX é, en boa medida, grazas ao novo cultivo e aos seus elevados rendementos.

Pero a importancia da expansión do cultivo das patacas non se reduce a todo o anterior, o que non é pouco, senón que se estende a outros ámbitos.



A finais do s. XVIII, son frecuentes nas terras do interior galaico os preitos por augas, síntomas da extensión da superficie dedicada a prado, reducidísima ata entón, e tamén por medio de rompementos de inculto ou mesmo por reconversión de parcelas (convertendo en prado parcelas de labradío, o que foi posible polo maior rendemento das patacas, que permite unha nova racionalización de cultivos) tomou corpo entón o que ía ser un dos trazos máis característicos da paisaxe agraria galega contemporánea: a importancia dos prados de secaño e regadío, cada vez máis abundantes dende fins do s. XVIII. Desta forma, e por

dobre vía, as patacas contribúen a soste, mellorar e aumentar a cabana gandeira nas súas especies de vacún e porcino.

A xeneralización da pataca serviu para perfeccionar o policultivo de subsistencia, mellorou de forma perceptible, polo menos mentres non se chegou a unha nova saturación demográfica, a situación do campesiñado, pero non se chegou a unha transformación ampla de estruturas agrarias ou, máis concretamente, á formación de empresas de carácter capitalista, como requiría a evolución económica do século XIX. Pola contra, ao paliar ou mitigar as crises, o novo cultivo reforzou indirectamente e durante bastante tempo a sociedade tradicional cos seus trazos máis definitivos.



Isto explica que, durante o s. XIX, membros da fidalguía perceptora de rendas se afixan por estender esta produción, ás veces entre os seus propios colonos.. Non faltaron tampouco, dende logo, os tratadistas que viron na pataca un factor que contribuiría a modernizar a agricul-

tura galega e así incrementar a distancia con outras de Europa para facerse cada vez máis visible.

En zonas de agricultura moi avanzadas, como os Países Baixos, a pataca penetrou nun sistema agrario xa moi desenvolvido e contribuíu a facelo aínda máis rendible e especializado.

Non foi este, non obstante, o caso de Galicia onde, como quedou sinalado, a pataca perfeccionou lentamente o policultivo, reforzando o autoconsumo, aínda que isto non é razón para desprestixiar os seus efectos sobre a agricultura tradicional; ao contrario, os efectos diferentes que téñen un mesmo cultivo, segundo o medio humano no que se utilice, deben servir para incitar ao historiador a fuxir do mecanicismo ou do voluntarismo, para poder desvelar así a racionalidade das actitudes campesiñas, diferentes ante situacións tamén diferentes; o campesiño galego só botou man cautelosamente da pataca na medida en que podía axudarlle a paliar as súas dificultades.



IIª EDICIÓN DOS PREMIOS “MANUEL GÓMEZ ROMÁN”

Setestrela

Osábado, 15 de outubro de 2011, entregáronse os Premios “Manuel Gómez Román” na Torre da Homenaxe do Castelo de Maceda por parte da Asociación Amigos do Castelo de Maceda Setestrela, que preside o fillo predilecto de Maceda, Francisco Nóvoa Rodríguez.

No seu discurso de benvida, Francisco Nóvoa fixo constar a súa gran preocupación pola humanización da paisaxe das nosas vilas e cidades. Outrosí pola necesidade de defender a estética urbanística e paisaxística de Galicia. Salientou a vocación galega dos premios que se entregan en Maceda, recordando a herdanza que Ourense aportou e aporta a Galicia, citando a ourensáns distinguidos a prol da cultura e da defensa da lingua galega e do noso patrimonio como Manuel Gallego Jorreto, Iago Seara Molares, Xoaquín Lorenzo, Clodio González Pérez, Vicente Risco, Evaristo Correa Calderón...

A medalla de prata Gómez Román foille concedida, nesta ocasión, ao arquitecto Manuel Gallego Jorreto como profesional que tén contribuído a prol da afirmación da personalidade de Galicia como pobo. O arquitecto Iago Seara foi o encargado de facer a loa do homenaxeado que agradeceu ao xurado o recoñecemento.

Os premios desta xeira recaeron nos estudos de arquitectura “Vázquez Müller” de Ourense e “Arrokabe arquitectos” da Coruña. Na modalidade de “Edificacións tradicionais rehabilitadas ou restauradas” o galardón foi recollido por Estefanía Vázquez Müller e Roi Feijoo Rey, polo seu proxecto de rehabilitación dunha vivenda na rúa Liberdade, 24 en Ourense, por coincidir nel unha adecuada interpretación da tradición compositiva e construtiva da arquitectura tradicional que trae como resultado, recuperar zonas degradadas do casco histórico da cidade.

O premio da modalidade “Construcións adxectivas rehabilitadas ou reconstruídas” foi recollido por Óscar Andrés Quintela e Lourdes Pérez Castro, polo seu proxecto de rehabilitación dunha antiga construción de secado e industria da madeira en Sorribos-Abelleira no concello de Muros, para uso de escola de deportes náuticos, polo que supón de recuperación dunha construción de ámbito pre-industrial ao servizo da sociedade civil.



Estefanía Vázquez Müller, Manuel Gallego Jorreto e Óscar Quintela



Francisco Nóvoa entregando o premio a Manuel Gallego Jorreto



FRANCISCO CARBALLO “BO e XENEROSO”

A.C. AIRA DAS MANTAS

A Asociación de Escritores en Lingua Galega [AELG] concedeulle neste 2012, o Premio Bos e Xenerosos ao historiador Francisco Carballo (Celeirón de Asadur, Maceda, 1925). A entrega fíxose en acto solemne o día 3 de marzo de 2012, no salón de actos do Museo do Pobo Galego en Santiago de Compostela. Asistiu unha ampla representación do eido político e cultural de Galicia, nomeadamente da órbita nacionalista e tamén o secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. Outrosí moitos amigos de Maceda encabezados polo alcalde Xabier Oviedo e por Francisco Nóvoa. Tamén estaban presentes varios membros da A. C. Aira das Mantas.

Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da AELG, dixo que Francisco Carballo tivo a “vontade de se liberar dunha historia imposta”, e iso foi o que vertebrou o seu traballo “nun tempo no que a Universidade non cubría as necesidades da his-

toriografía nacional”. Carballo entregouse de vez “á constitución dunha elaboración en clave nosa da historia galega e á vindicación do cristianismo como espazo de loitas contra as inxustizas, e mesmo de subversión e crítica ao poder”.

A loa do homenaxeado fíxoa o historiador Anselmo López Carreira, que o coñece dende 1978, cando estaban a elaborar o manual *Historia de Galicia* (1979) que impulsou a



ANPG. Lembrou a “súa honestidade persoal, a fidelidade aos proxectos que emprendeu e o seu compromiso social”. Á fronte dunha camada de historiadores novos, Francisco Carballo –mestre desa escola de historiadores– impulsou e mesmo asinou publicacións transcendentais para a historiografía de Galicia, a través da editora do semanario *A Nosa Terra* [ANT], da que foi presidente durante moitos anos.

Ao recoller o premio, o teólogo e historiador macedán Francisco Carballo afirmou con contundencia que “Galiza é obxecto dun experimento para destruír a súa identidade”, ao que engadiu: “Somos un País ao que se lle quere impoñer unha cultura, destruíndo a que el xera e que mesmo arela continuar”. Tamén fixo unha reflexión sobre a Igrexa: “A cúpula eclesiástica é máis un problema que unha solución, fronte ao cristianismo de base que é un elemento positivo, unha forza viva e rexeneradora”.

JOSÉ MARÍA GARCÍA MOSQUERA

(Castro de Escudro 1817 - Ourense 1868)

A.C. AIRA DAS MANTAS

Queremos dar a coñecer aos lectores da nosa revista, un personaxe desta comarca que merece o noso recoñecemento polo gran labor que desenvolveu na nosa provincia en canto ao seu traballo como docente e poeta.

Naceu en Castro de Escudro o 17 de marzo de 1817, foron os seus pais Manuel García e María Mosquera, veciños de Castro, e os seus avós por liña paterna, Domingo García e María de Novoa do devandito pobo e pola materna, Jacobo Mosquera e Luisa Feijóo veciños de Chaioso, segundo partida de bautismo. Arquivo Diocesano de Ourense (23.2.3).

Inicia os seus estudos no seu pobo natal, máis tarde trasládase a Ourense. Aos 15 anos ingresa no Seminario Conciliar de San Fernando; estuda Filosofía, Lóxica, Ontoloxía, Latín e Matemáticas. Despois de obter o título de bacharelato obtivo na Universidade de Santiago o título de Rexente (quen habilitaba para exercer de profesor).



Retrato conservado no IES Otero Pedrayo (Ourense)

Posteriormente trasládase a Salamanca onde continúa cos seus estudos, ampliándose nunha formación clásica (grego e hebreo); tamén coñecía o sánscrito e o árabe e traducía, sen dificultade, o inglés, o francés e mais o alemán. Así mesmo foi un estudioso das linguas mortas.

Unha vez rematada a súa vida de estudante regresa a Ourense para máis tarde destinado a Pontevedra. Alí exerce como profesor durante algún tempo, pero retorna novamente a Ourense e funda un colexio de Humanidades, ubicado primeiro na praza de San Cosme e logo na Praza




de San Marcial.

A docencia entusiasmáballe, impartía clases de Latín, Grego, Xeografía, Historia, Lóxica, Ética, Retórica e Poética. Destacou polo seu labor docente, era un gran pedagogo e todos os seus alumnos o admiraban. Posteriormente nomeano catedrático de Latín e Literatura no instituto de Ourense, actual IES “Otero Pedrayo”, onde se conserva o único retrato que existe del.

Mais se houbera que salientar algo respecto á súa paixón polas linguas clásicas non se podería pasar por alto a tradución que fixo cos seus pupilos de Horacio, Virgilio ou Plutarco.

O gran dominio que adquiriu das linguas (mesmo hai que dicir que se atreveu cunha das linguas considerads máis difíciles, o vascuence) reflictiuno na súa obra cume, a tradución ao galego da oda “*Beatus ille*” de Horacio co título de “*A vida d’o campo*”. Esta obra traducírona ao castelán varios autores, entre eles Frei Luis de León.

Cabe salientar, así mesmo, o feito de que Marcelino Menéndez Pelayo, inclúa esta oda no seu libro, “*Horacio en España*” (1885), na que comenta: “*Esta oda en gallego es bastante fiel al original y está vertida con originalidad y gracia*”.



Outros autores fan referencia á mesma:

Ramón Otero Pedrayo: “*A lingua galega cobrou fragancia e gálíbos latinos na versión do Beatus illē*”.

Xesús Alonso Montero: “*Case todo ou mundo concorda en que esta tradución é fantástica*”

Como gran humanista que

era, dotado dun enorme saber, cunha actitude especial para compoñer poemas, tanto en castelán como en galego ou latín, compuxo varios acrósticos (Composición poética constituída por versos en que as letras iniciais, medias ou finais forman un vocablo ou unha frase).

A pesar de exercer de profesor nunca deixou a poesía,

A VIDA D' O CAMPO ⁽¹²⁾

VERSIÓN GALLEGA D' A ODA D' HORACIO
«BEATUS ILLE, QUI PROCVL NEGOTIIS, ETC.»

¡Feliz quen vive, cal os d' outro tempo,
lonxe de barafundas,
e labra os eidos que seu pai labraba,
con xugada de seu, libre d' usuras!

Nin guerreiro clarín nin mar airado
o seu sono conturban,
nin á porta s' encorva d' os magnates
nin postes leva n-o patín d' a curia.

Pero as ramas frondentes d' a videira
o' o vidueiro xunta,
ou polastras ruis e' o podón tronza,
e polastras enxerta mais robustas.

On as vacas e bois desd' o picouto
ve pacer n-a llanura
ou o mel que espremeu garda n-as olas,
ou os rexelos d' o vellón desnuda.

sendo un dos poetas relixiosos da época.

Foi un dos creadores dos faladoiros en Ourense, onde el destacaba sempre pola súa ampla cultura.

Máis tarde os membros da Xeración Nós non dubidaron en imitalo e eles mesmos o consideraban como un dos precursores en escribir na nosa lingua.

En galego escribe varios poemas como "Recordos D'Azara" "A familia real en Santiago".

En castelán chama a atención o que lle dedicou a Manuel Feijóo e Ríos (político ourensán da época) en agradecemento pola creación do

Instituto de Segundo Ensino, actualmente I.E.S "Otero Pedrayo".

LA GRATITUD A LA HONRADEZ

El orensano ya desde su cuna,

cual si naciera dios, la ciencia bebe...

mas la causa de que esta dicha reúna,

sino á vos, noble Río, ¿a quién se debe?

Dure vuestro plantel y su fortuna

para eterno baldón de quien se atreve

a pregonar su orgullo y su ignorancia,

negando al Instituto la importancia...

Morre prematuramente aos 51 anos, na súa casa de Ourense na rúa Hernán Cortés, o día 19 de novembro de 1868. Os seus restos mortais foron inhumados no cemiterio de



Acróstico

MACULA NON EST IN TE

V atractivo á mi amor, Flor candorosa,
 V ida á quien te ama, muerte a la serpiente,
 E stella á la mar maravillosa,
 M anantial de dulzura indoficiente;
 A lta Madre de Dios, Ilija y Esposa,
 R efugio al afligido, al delincuente:
 I ngrato debe ser quien no te alabe,
 V e, hechizo de Dios, mil veces Ave.

P urísima Oustodia, Templo santo,
 U rna del Hombre Dios la más preciosa,
 R eina del cielo, del abismo espanto,
 I ris de paz, *Abigail gloriosa*;
 S oberana beldad, divino encanto,
 I mmaculada en todo, en todo hermosa;
 M ás que ingrato será quien no te alabe.
 V e, hechizo de Dios, mil veces Ave,

Orense, 1846.

San Francisco e anos máis tarde foron trasladados á parroquia de Santa Eulalia de Escudro, pobo onde nacera.

Non editou ningún libro, era unha persoa moi modesta, non lle daba importancia aos seus escritos, compoñía por pracer; ás veces asinaba co pseudónimo "Armino".

Os que si publicaron os seus poemas foron os xornais da época, como o "Eco de Ourense" ou "Tío Marcos d'a Portela" e "O Heraldo Galego", todos eles fundados en Ourense por Valentín Lamas Car-

vajal e "A Nova Galicia" publicada en Madrid.

Despois do seu falecemento, o Concello de Ourense decide facerlle unha homenaxe colocando unha placa conmemorativa na casa onde viviu. Entre os moitos amigos que asistiron ao devandito acto atopábase a escritora Emilia Pardo Bazán. Posteriormente esa casa foi derrubada e levantada de novo para vover a pór mesma placa que lembra ao noso poeta. Tamén, ao cumprirse o centenario do seu falecemento o Concello de Ourense decidiu

dedicarlle unha rúa á beira do instituto Otero Pedrayo, estando a placa colocada no lateral da devandita institución que el tanto quiexo.

En agosto do ano 1874 o gran poeta Valentín Lamas Carvajal dedícalle un poema titulado *N-O CIMITERIO D'OURENSE* (Un lembrou ou inxenioso e inspirado poeta galego Don Xosé García Mosquera) no que o ensalza e remata o seu poema con estes versos tan elocuentes.

*Mañá de fixo, cando a xusticia
 seu trono asente n-esta Galicia*

*que agora viste mouro sayal,
 teredes cinsas, mellor memoria...*

*GARCÍA MOSQUERA foi
 unha gloria,*

y-o seu recordo será inmortal.


No ano 1948 a súa neta Hortensia González, recompilou toda a súa obra para entregarlla a José Fernández Galego e que este publicase un libro.



PASATEMPOS

A.. C. Aira das Mantas

ENCRUCILLADO



Horizontais: 1.- Ter valor para facer algunha cousa que entraña certo perigo. 1ª Persoa do presente de indicativo do verbo seguir. 2.- Vogal. Inflamación do oído. Imperativo, verbo oír. 3.- Feito de concordaren de maneira total ou parcial os fonemas de dúas ou máis palabras a partir da última vogal acentuada. 2ª Vogal. Pronome persoal. 4.- Un. Expresión que se emprega para dar ánimo. Símbolo do número que representa a relación da circunferencia dun círculo co seu diámetro. 5.- Animal africano semellante ao boi pero de menor tamaño. Lugar onde se fai o lume, na cociña rústica. Contracción da preposición "en" co pronome persoal "el". 6.- Peza cilíndrica do tear na que ao tecer se vai envolvendo a tea. Presente de indicativo, verbo amar. Cincocentos. 7.-

Reforza a idea de que o expresado polo verbo é unha acción ou feito cumprido e moitas veces antes do previsto. Consoante. Ao revés, feminino, animal máis pequeno que o cabalo, que se usa como besta de carga. 8.- Caño con chave para abrir ou pechar a saída dun líquido. Vogal. Prefixo indicativo de movemento, dirección. 9.- Nome feminino que significa pedra. Grupo de persoas que anda rondando para viciar de noite. 10.- Sur. Rastrexar, especialmente o can, polo olfato. Artigo determinado, plural.

Verticais: 1.- Substancias de refugallo segregado polos riles, singular. Repetición. 2.- Vogal. Número Romano. Correr presa. 3.- Ao revés, plural home que tén criados ao seu servizo. Metal raro, branco, duro e maleable, parecido ao aluminio. 4.- Camiño máis curto ca outro entre dous puntos. Ao revés cloruro de sodio. 5.- Ao revés, terminación de infinitivo. Denota ánimo. Nota musical. Consoante. 6.- Infusión. Xogo consistente na introdución, dende certa distancia, de pezas redondas de ferro a un moble con buratos e unha figura coa boca aberta. Animal anfibio, familia dos anuros. 7.- Capital dunha diocese. Cincocentos. Máis grande ca outro obxecto de referencia. 8.- Vogal. Vogal. Negación. Cincuenta. 9.- Nome que recibe o raposo na zona norte de Galicia. Municipio da provincia de A Coruña. 10.- Tempo imperativo do verbo oír. En plural, separada, afastada.

SOPA DE LETRAS

Busca dez ósos do corpo humano.

B	V	O	M	O	P	L	A	T	A
R	G	F	F	B	M	N	O	I	L
U	M	E	R	O	E	S	B	A	U
E	U	M	A	P	C	I	L	H	T
S	C	U	B	I	T	O	A	E	O
T	A	R	E	P	O	I	D	A	R
E	V	E	L	N	O	E	I	M	E
R	S	A	L	E	T	S	O	C	I
N	F	L	S	I	P	E	L	V	E
O	E	N	A	R	C	B	U	A	M

SOLUCIÓNS

OMOPLATA	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
UMERO	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
CUBITO	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
RADIO	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
COSTELAS	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
PELVE	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
CRÁNEO	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
ESTERNO	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
RÓTULA	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
TIBIA	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10



